



# **PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2021**

**MARTA DACOSTA  
COMPOSTELA, CRISOL E TESTEMUÑA**



asociación de  
escritoras  
escritores  
en lingua galega  
[www.aelg.gal](http://www.aelg.gal)



Deputación  
DA CORUÑA

# Compostela, crisol e testemuña

Paseo literario por Compostela realizado por  
Marta Dacosta Alonso

**Inicio:** praza de Mazarelos, ante a antiga facultade de filoloxía.

**Percorrido:** Mazarelos, Rúa do Castro, Preguntoiro, Entremuros, Rúa Nova, praza de Mazarelos.

Compostela é ese lugar en que fomos recalando. Os seus espazos son testemuña do agromar de proxectos e xeracións. A historia da poesía galega pasa por esta cidade que foi o crisol en que se fundiron as voces que chegaban dos diferentes puntos cardinais. Por iso, percorrendo as súas rúas, podemos facer memoria das xeracións poéticas que a cidade viu nacer, nomeadamente da promoción dos 90.

Desde o ático en que vivín na rúa Xasmíns, cando cheguei a Compostela, case vía as torres da catedral, e foi entón cando comecei perfilar o que sería o meu primeiro libro de poesía: *Crear o mar en Compostela*, un libro que, como indica o seu título, naceu para traer o sal ás rúas de pedra da vila que me acollía:

*Un arrecendo de escumas agarda nos recantos  
e as imaxes das baleas van detidas nas pedras.  
O aire está salgado neste soño  
de crear o mar en Compostela. (Crear o mar..., 2004)*

Para min e outros autores da chamada “Promoción dos 90” que, nos finais da década de 80, chegabamos a Compostela, como os que integraban o Batallón literario da Costa de Morte, a ausencia do mar era ferida. Lembro falar deste tema con Rafa Villar, quen no Galeusca celebrado en Lekeitio no ano 2000 falara da presenza do mar na literatura galega nunha intervención que titulou “Mar de Fondo”. Foi nesta cidade de Santiago de Compostela onde Villar fixo outra intervención que fixo correr ríos de tinta e que, mellor ou peor, xa quedou rexistrada para a historia da literatura. El dixo:

*Teoría das xeracións poéticas (2):*

*Matar o pai. Esnaquízalo e enterralo con cal vivo, para que a única lembranza que nos deixe sexan os versos que nos unxiron.*

Mais a prensa só quedou coa primeira frase, eliminando todo rastro de admiración. Porque como recolle Daniel Salgado en 2009 (reportaxe “Máis alá do Courel” en *El País*), Novoneyra era, para Rafa Villar, “un dos autores que admirei e admiro”, e Salgado engade “co que entronca na economía da linguaxe como procedemento.” Mais a polémica, por máis que acadase matices inxustos, tivo algún froito importante. A propia colección **Letras de cal**, un fito literario finisecular que daría a coñecer voces como Carlos Negro ou María Lado e que cumpriu unha importante función na difusión das voces máis novas. Mais niso poderemos afondar cando cheguemos ao lugar que viu nacer tan senlleiro proxecto.

Falando de Novoneyra, son xustamente uns versos seus de *Os eidos* os que, referíndose a Compostela, enuncian os nosos desexos colectivos:

*Galicia*

*Será a miña xeración quen te salve?*

*Irei un día do Courel a Compostela por terras liberadas?*

*Non, a forza do noso amor non pode ser inútil!,*

E é que en Compostela, como escribiu Méndez Ferrín en *Con pólvora e magnolias*:

*... está o que perdemos*

*E vai nacendo noutros e esto é o grande milagre...*

Comezamos o noso percorrido na **praza de Mazarelos**, que toma o seu nome daquela porta pola que entraba o viño na cidade, tal e como lemos nos *Miragres de Santiago* en que ademais se citan as sete portas e os seus nomes:

*As entradas das portas son sete: a primeira entrada he a porta do camiño francés; a segunda he a porta da Pena; et a terceira he a porta do Santo Romeu que vay para a treydade; et a quarta a porta de Fageiras que vay para Padron; et a quinta a porta da Mamoa; et a seista he a porta de San Francisco; et a septima he a porta de Maçarelas por hu entra o preçioso viño aa çidade de Santiago.*

Con esa fachada de convento temos ante nós o que nun tempo foi o edificio da Facultade de Filoloxía e que logo acollería temporalmente a Facultade de Xornalismo. Nesas aulas a lingua galega converteuse en materia de estudo universitario e chegou a licenciatura. Nun dos corredores do andar do baixo, hai unha placa que recolle a chegada de Ricardo Carvalho Calero á docencia nesa facultade no ano 1964, xusto un ano despois de publicar a necesaria e aínda vixente *Historia da Literatura Galega Contemporánea*. Mais cando falo de Carvalho, sempre lembro o mesmo libro, a *Gramática elemental do galego común*. O libro apareceu na miña primeira casa de Vigo, e alí, sentada á mesa de formica da cociña, lía as palabras galegas que o libro nos ensinaba. Aquela descuberta e as súas consecuencias recollinas no artigo “Memoria dunha muller pegada a un libro”:

*A Gramática elemental del gallego común, de Carvalho Calero, foi a obra que me introduciu á escrita literaria. Na cociña da miña primeira casa, sentada contra a porta e mirando cara a aquela ventá pola que cantaba de cativa, escribín a primeira obra literaria. Cantos anos tiña? Oito ou menos, seguro, aínda que se lle preguntan á miña nai vai dicir que tiña seis, ou así. Todo comezou porque descubrín na Gramática de Carvalho palabras que non coñecía, entre elas “coco”, na súa acepción de verme, usada por Carvalho para exemplificar a diferencia de abertura vocálica, fechada nesta acepción, fronte ao timbre aberto da palabra homógrafa que significa “xestos”. Con este pretexto naceu unha obriña de teatro na que rifaban o cura e mais a criada porque os “cocos” comeran o queixo.*


Foi Carvalho Calero quen sinalou que nunha casa contigua ao Arco de Mazarelos vivira en 1863 Rosalía de Castro, quen mudaría despois para a rúa do Mercado, actual número 9, 2º andar, casa en que recibiu a nova da publicación de *Cantares Gallegos*.

Nesta praza tiveron que se producir tantos encontros literarios! Pensemos na segunda metade da década dos 70, naqueles estudantes que creaban publicacións colectivas que acabamos interpretando como marcas grupais do tempo poético que viña: Cravo fondo ou Alén. Tempos en que as grandes voces dos 80 viviron aquela Compostela. Logo virían o Colectivo Ronseltz ou algúns dos integrantes do Batallón literario da Costa da Morte.

Antes de nos dirixir á seguinte praza, lembraremos que de aquí de Mazarelos e até a Virxe da Cerca existe outra conexión diferente á propia porta da cidade, é a rúa “Tránsito dos Gramáticos”, que se converteu no título da novela coa que Marilar Aleixandre foi finalista do premio Xerais en 1992 e na que o mundo universitario ten unha importante presenza.

Na **praza da Universidade**, érguese a impresionante fachada da Facultade de Historia, antigamente Filosofía e letras. No seu primeiro andar está a Aula Magna da Universidade. Entrei por primeira vez nela en xaneiro de 1988, cando Francisco Rodríguez procedía á lectura da súa tese sobre Rosalía de Castro, dirixida pola que no curso seguinte sería a nosa profesora de Literatura portuguesa, a profesora Pilar Vázquez Cuesta. As estudantes de filoloxía acudimos en masa ao que considerabamos un acto de inmensa importancia.

Eu chegara a Compostela nese mesmo curso, estudaba 4º, que para a titulación que acadaría (filoloxía hispánica, subsección de galego-portugués), era o primeiro curso da especialización na lingua que eu elixira, a nosa. Naquel curso produciuse unha grande mobilización en prol da nosa lingua. As alumnas e os alumnos de Galego non quixeron quedar á marxe e decidiron facer público o seu apoio á mobilización, foi así como entrei por primeira vez no **Instituto da Lingua galega**, da man de Patricia Romero e Anxos Sanmartín, que me pediron que acudise con elas á elaboración do manifesto que logo asinaríamos. Sempre supuxen que o feito de se dirixir a min, acabada de chegar, foi unha forma de implicar o alumnado que procedía de Vigo, despois de cursar os tres anos comúns con Hispánicas no daquela Colexio Universitario (hoxe Universidade). O caso é que o alumnado procedente de Vigo non gozaba dunha grande fama, no que ao uso da lingua se refire, por cantidade de uso e por calidade, así que me sorprende moito que me recadasen. Mais alí fun e alí vin como Francisco Fernández Rei se poñía diante do teclado dunha máquina de escribir para mecanografar o noso manifesto. A miña cara de novata debía ser unha representación da sorpresa maiúscula. E así foi como se



publicou un artigo de tres parágrafos titulado “Repulsa”, asinado por min en primeiro lugar e seguido de 63 sinaturas máis, como se pode ver no recorte rescatado por Ramón Nicolás, un dos asinantes e compañeiro de estudos.

Desde 2010, ecoan nesta praza os compases do *Pietat Signore* cantado en honra de Rosalía o 15 de xullo de 2010, data en que a sociedade civil galega, convocada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua galega (AELG), volveu realizar o percorrido que un día, o 25 de maio de 1891, fixeran os seus restos cara a San Domingos de Bonaval, inaugurando o Panteón dos Galegos Ilustres (lugar para o que seguimos a reclamar o uso público). Naquela rememoración foron varias as paradas en que as escritoras e os escritores galegos lemos textos da nosa autora.

A translación dos restos de Rosalía de Castro ao Panteón de galegos ilustres foi amplamente documentada por Francisco Rodríguez quen recolle toda a información existente sobre aquel acto, deixando claro como foi rexeitada pola Igrexa católica que se negou á realización do eloxio póstumo, feito que foi contestado polo mozo Alfredo Vilas quen, nesta mesma praza da Universidade, realizou unha loa desde unha das ventás da casa de D. Daniel Rey, situada por fronte da facultade de Historia.

Reemprendemos o camiño lembrando que no actual edificio do ILGa viviu no seu día Antonio López Ferreiro e que nesta Facultade de Historia impartiu docencia Otero Pedrayo entre os anos 1950 e 1958, anos en que foi elo de unión de xeracións separadas por unha longa noite de pedra, unha brutal represión, da que el mesmo fora vítima.

Entramos na **rúa do Castro** e detémonos diante do Pub Pepa a Loba, un dos lugares en que a miña xeración dicía os seus versos. Xa moitos de nós temos falado desta decisión de achegar a poesía a estoutros lugares. Primeiro foi no Tarasca, logo no Pepa Loba, e aínda quedarían os actos organizados xa como Letras de Cal no Rúa Nova. Lembro un recital en marzo de 1997, e lémbroo porque, ao rematar, Estevo Creus achegouse para asinarme o seu *Areados*, premiado o ano anterior no Certame de poesía González Garcés por un xurado do que eu formara parte. A dedicatoria practicamente ocupa as primeiras páxinas do libro, e non foi abondo, porque aínda me entregou unha nota a man. Unha dedicatoria que é case un poema en que Creus me atribúe o libro a min, porque o libro é “*da cabeza e das mans que se apousaron*” nel. Dalgúns deses recitais existe gravación realizada por Rafa Villar que as entregou á páxina [www.poesiagalega.org](http://www.poesiagalega.org).

*Teño unha cidade agachada nos versos,  
unha cidade grande de pequenas ruelas, (Crear o mar..., 2004)*

E chegamos á rúa do **Preguntoiro**, que eu atravesaba no meu primeiro ano en Compostela para chegar á facultade. lembro o impacto que me produciu o ritmo, para min lento, dos camiñantes en Santiago. Eu sempre ía máis rápido e impacientábame porque me parecía que os demais non me deixaban avanzar. A explicación que me din foi que as distancias en Vigo e Santiago non se parecen en nada, na cidade do sur cumpría camiñar lixeira para chegar ao destino, máis ou menos afastado, nunha cidade que se estendía ao longo da rúa, fronte ao núcleo circular e pétreo de Compostela.

Leo no libro *Conversas con Suso de Toro*, de Antonio Pedros-Gascón, que a esta rúa chegou a primeira televisión, *"a principios dos anos 60. A televisión primeira que vin foi nun círculo recreativo, O mercantil, que daquela estaba na rúa do Preguntoiro. lembro ir cos meus irmáns e con moitísimos nenos do barrio, pasabamos "de estranjis" para dentro a ver a tele."* Non sei se un daqueles nenos podería ser Xavier Queipo, pois viviu no nº 12 desta rúa, na antiga fábrica de chocolate.

Entramos na **praza de Cervantes**, tamén chamada praza do Pan ou do Campo, como nos ensina Otero Pedrayo. Desde 2007, está nesta praza a **librería Couceiro**, unha institución en Compostela. Por Couceiro, neste emprazamento e no anterior do Ensanche, pasamos tamén as e os poetas da miña xeración presentando os nosos libros. Unha das que mellor lembro é a do libro *6 poemas 6*, unha homenaxe a Lorca á que nos convocaron Suso Díaz e Helena Villar Janeiro. É un libro do que gardo un especial recordo, pola proposta de traballo que nos trasladaron: seis grupos de seis poetas cada un dialogaron con cada un dos seis



poemas de Lorca e procuraron un artista plástico que interpretase o poema. Naceu así un libro que é unha auténtica xoia, unha xoia que presentamos aquí en Couceiro o 29 de decembro de 2015. Ao remate daquela presentación fixemos unha fermosa foto nas escaleiras da librería, foto que garda memoria do encontro entre poetas e artistas plásticos de diferentes xeracións, unidos por unha homenaxe.

Ao saír detémonos na contemplación desta praza que, ás veces, acolle unha librería que desborda as paredes que a conteñen. Aquí coloca Luís Seoane a fogueira para as bruxas, tal e como o lemos no poema “A meiga belida”, do libro *Na brétema Sant-Yago*. Na realidade, talvez estas pedras son as mesmas que sentiron os pés de Antonio López Ferreiro, de quen Carvalho Calero di que ocupa o primeiro lugar entre os novelistas do século XIX e que foi o seu amor pola terra e pola historia o que o levan a crear as súas tres novelas históricas. Outro historiador, Otero Pedrayo, fai atravesar a Adrián Solovio esta praza, nunha imaxe que quedou gravada na miña memoria lectora, coma se ese puidese ser o resumo daquel *Arredor de si*.

Desde aquí, poderíamos avanzar pola rúa da Troia, San Martiño e chegar mesmo á rúa Xazmíns onde eu escribín algúns dos versos de *Crear o mar en Compostela*, nun ático estraño, desde o que aescoitaba os ecos dun piano que, anos máis tarde, sabería que tocaban as mans dun pequeno Abe Rábade.

*Son chuvia as verbas no cristal frío, convexo  
e branco que mira á catedral, (Crear o mar..., 2004)*

Como xa dixen, o libro comezou alentar entre os poemas que eu escribín cando cheguei a Compostela e nos que comprobei que a ausencia do mar case se convertía nunha ferida

*Pousaron lentamente as gaivotas nas ruelas,  
no lento alborexar a vila pertencíalles,  
e o silencio era branco coma os seus claros peitos.  
Confundidas as ás coas pequenas paredes,  
os seus chíos eran bágoas de nubes candorosas,  
prestan a abandonar as ruelas silentes.  
A espuma do mar rompía nas praias pétreas da vila,  
mais o sal fuxía logo.  
E de novo o sol buscaba arrancados argazos  
inatopábeis sempre sobre a pedra da vila. (Crear o mar..., 2004)*

O libro publicouse no límite do ano 1993, tanto que, malia figurar esa data nos créditos, realmente se distribuíu en 1994. Logo sería reeditado en 2004, como volume nº 2 da colección Poeta en Compostela publicada por El Correo Gallego, a AELG e a Concellaría de Cultura do concello de Santiago. 20 libros se publicaron nesta colección, comezando con Manuel María e rematando con Marilar Aleixandre.

Mais no ano da primeira publicación, cando aínda viviamos no piso alugado en Rosalía de Castro, sucedeu algo sorprendente. Un día, mentres andaba atarefada na casa, chamaron ao timbre. Ao abrir atopei un policía municipal con casco de motorista e un sobre na man. No breve tempo que pasou desde que lle recollín aquela carta até que a abrín, pola miña cabeza pasaron todo tipo de multas e outros problemas que unha podía recibir en man na porta da casa. Mais, cando abrín o sobre atopei unha tarxeta e, nela, unha felicitación asinada polo Alcalde de Santiago de Compostela, Xerardo Estévez, por ter escrito eu un libro, de poesía, que levaba desde a súa portada o nome de Compostela. Por suposto, fiquei abraiada.

Mais hoxe non seguiremos ese itinerario, xa realizado no ano 2011. Hoxe volveremos sobre os nosos pasos para entrar na **praza de Feixóo**. Alí está o Modus vivendi, local de vida nocturna que ten acollido moitísimos recitais de diferentes xeracións desde o século pasado. O Modus vivendi publicaba unha revista, Move. Nela, no ano 2007, publiquei o poema “Balada das costureiras esquecidas”, que non sería recollido en libro até 10 anos despois, cando viu a luz o libro *Na casa da avoa*. O poema illustreino cunha foto da miña bisavoa, malia non ser ela costureira, mais si unha de tantas mulleres que asistiu á represión que tras o ano 36 asolou o noso país, e da que nos falaba o poema. A revista contou cunha edición dixital, hoxe desaparecida da rede. Por certo que, segundo recolle Henrique Monteagudo nun artigo sobre Casares (Cadernos Ramón Piñeiro XXXVII), o autor de *Os escuros sonhos de Clío* frecuentaba este pub, por veces na compañía doutro novelista ourensán, Alfredo Conde, na altura tamén compañeiro do Parlamento.

*Convértete en pedra e regresa á cidade  
que nas desproporcións inmensas das graníticas chairas  
a chuvia cae soa, acompañada  
do silencio. Rápida percorre  
ruelas agachadas, declinantes muros de  
casas que  
se moven. (Crear o mar..., 2004)*

Seguimos pola **Conga** e entramos na **Rúa Nova**, a que nos ten visto andar camiño de presentacións e representacións, entre literatura escrita e teatro, aínda coa imaxe longa e toucada con sombreiro de Vidal Bolaño e a memoria dun cine con radiadores eléctricos atados no alto, incapaces de quecer aquel frío imposíbel do Salón Teatro.

Mentres avanzamos pola Rúa Nova cara á praza do Toural, pasamos primeiro pola **librería Sargadelos**, outro dos lugares que acolleu nas décadas que pecharon o século XX numerosas presentacións e recitais. Un dos primeiros aos que asistín no curso 1987-88 estaba protagonizado por varios alumnos de Filoloxía. Non os lembro a todos, mais si a unha novísima Iolanda Aldrei, que eclipsaba os seus compañeiros poéticos naquel serán. Cinco anos despois, en 1993, compartín espazo literario con ela, con ela e con outras seis autoras (Isolda Santiago, Chus Pato, María Xesús Nogueira, Carmen Lobón, Rita, Ana Romaní). Foi na carpeta **8 e médio**, publicada por **Edicións do Dragón**, aquel selo editorial orixinalísimo que tiña como alma máter a Paco Souto. No prólogo da carpeta lemos:

*8 e médio produce-se a decisiva consolidazón do selo afondando nos elementos caracterizadores: aportazón de novas voces, textos autógrafos que se, ás veces, dificultan a lectura, confiren-lle ao poema toda a súa personalidade e dimensión plástica, coidada selección do material gráfico, prezos asequíveis mas que garantan a permanencia da edición, independencia institucional.*

Segundo o relato de Teresa Seara, publicado en A Nosa Terra en 1995 (nº 662):

*As Edicións do Dragón nacen, en Muros, arredor de 1989 froito dunha iniciativa de Cristina Trigo e Francisco Souto que pretendían crear unha edición cooperativa, responsable e dinámica...*

*A comezos de 1989 sae á luz a primeira destas carpetas: Ao mar de adentro, que recolle un texto poético de cada un dos vinteseite autores que asumen a edición cooperativa do selo: Iolanda Aldrei, M. Alguem, Francisco Alonso, Miguel Areas, Gabriel Beceiro, Lino Braxe, Ángel Brea, Adriana Castro, Helena de Carlos, Manuel Fiuza, Quico Lago, Rita Lázare, Emilio Luma, Pedro Milhám Casteleiro, Chus Nogueira, J. Mário Novais, João Padrão, X. Lois Paz, Gabriel Penabade, Xoán C. Pereira, Laura Quintillán, H. Rabunhal, Francisco Souto, Xurxo Souto, Cristina Trigo, Miro Villar e Rafa Villar.*

Tras esa primeira carpeta, virían *A rota dos baleeiros* (1991), de Paco Souto, Miro Villar e Fran Alonso, ilustrada con imaxes do afundimento do Casón e portada de Tokio, *8 e médio* (1993), *Dous bocetos* (1994), de Paco Souto e Adriana Castro, *No mesmo espazo* (1995), de Rafa Villar, *A teta sobre o sol* (1996), de Olga Novo, *Bestiario* (1998), asinada por uns 18 autores e autoras. O obxectivo central desta iniciativa era dar a coñecer as voces máis novas a través dun traballo de edición artesanal baseado en fotocopias dos textos autógrafos, ilustracións e elaboración manual de carpetas, cada unha delas diferente, o que limitaba necesariamente a edición.

Esa vocación de dar a coñecer as voces máis novas, o que é o mesmo que lles garantir unha canle de publicación, será o legado que esta iniciativa lle transferiría a **Letras de Cal**, da que falaremos ao chegar ao café-restaurant Rúa Nova, que acolleu o seu nacemento.

*A cidade navega entre brétema e auga,  
é un barco calado o ruidoso navío, (Crear o mar..., 2004)*

Á nosa esquerda está o **Teatro Principal**, sede cultural de tantos espectáculos, mais que para min sempre será o escenario en que representamos *O Incerto Señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* de Cunqueiro. Foi o 17 de novembro de 1988 na Semana de Teatro que cada curso organizaba a Facultade de Filoloxía. O noso grupo era a novidade daquel ano, nunha facultade que si contaba con tradición teatral nas especialidades de Hispánicas, Xermánicas ou Románicas.

*Nesta magnífica universidade ... hai xente que mesmo ten inquedanzas estrañas que ninguén pensou que se poidesen ter; por exemplo, na maravillosa, cómoda, acolledora, espaciosa facultade de filoloxía xurde un grupo de persoas interesadas en facer teatro galego; a pesar de que isto non é unha escola de arte dramática ; de que xa había aquí outras actividades en prol da normalización lingüística. (do programa de man)*

A nosa novidade non foi igual de ilusionante para todos, pois aquel estreo contou cun incidente que buscaba boicotear a nosa lingua. Di a miña memoria que foi durante o segundo acto, comezou a se sentir barullo e pedíronnos a público e actores que abandonáramos o edificio, recibírase unha ameaza de bomba. Caracterizados como estabamos, actores e actrices amadores saímos ao frío da noite. Mais aquel incidente non conseguiu que perderamos o fío do que realmente nos importaba e a representación, que retomamos unha vez comprobada a flagrante falcatuada, foi un éxito.

Naquel grupo de teatro coincidín con Artur Trillo, que xa andaba ás voltas con Talía teatro e promovía a Mostra de Cee, e Paulo Rodríguez, hoxe máis centrado na xestión cultural que na interpretación. Ou Roberto Salgueiro que era quen nos dirixía. Baixo as súas indicacións

ensaíabamos no Auditorio que a Universidade ten ante a facultade de Farmacia. Artur interpretaba a Poloño e a Escaramuza, Paulo Rodríguez a Hamlet. A min correspondeume interpretar o coro, xunto con Juan Bello e Carmen Golán García. Sei que no público estaba o grande Manuel Lourenzo, porque anos despois chegou falar desa representación. O caso é que a Facultade acabaría tendo unha aula de teatro en que o propio Paulo Rodríguez foi coordinador e director e que actualmente dirixe Roberto Salgueiro.

E facendo zig-zag pasamos por diante do xa mencionado **Salón Teatro**, o vello cine que foi restaurado para se converter en sede estábel do Centro Dramático Galego, aquel cine en que refuxiados debaixo dos nosos abrigos para non nos conxelar de frío viamos *Continental*, no ano da súa estrea, 1989, a película de Xavier Villaverde que consideramos entón un incipiente cine galego.

E chegamos ao **Rúa Nova**, lugar de presentacións, recitais, encontros e nacementos, como o de **Letras de Cal**. Na década dos 90, este local acolleu a presentación dalgunhas carpetas de Edicións do Dragón. Lembro a de *A teta sobre o sol*, de Olga Novo, no ano 1996. Vénme á memoria unha imaxe chea de luz e calor, xente e afecto, un acto cálido e divertido en que a poesía foi o centro.

O Rúa Nova ten a particularidade de que consta de tres ambientes moi diferentes: a zona de cafetería pegada á porta da rúa, a zona de restaurante e o patio cuberto que nos dá a sensación de estarmos nun xardín. Xusto aí naceu Letras de Cal a mediados da década dos 90. Era herdeira de Edicións do Dragón nas intencións, dar a coñecer as voces máis novas, e nas estratexias económicas, botar a andar unha primeira publicación e, a partir de aí, a seguinte dependería da recuperación económica da anterior.

Letras de Cal puxo na rúa máis dunha ducia de títulos, entre eles a antoloxía *d'Efecto 2000*, e mesmo creou e convocou un certame literario, até que o voluntarismo chocou co pasar do tempo que sen compaixón ía esgotándonos pouco a pouco, ocupando as nosas horas con angueiras laborais e familiares, ás veces lonxe da cidade en que recalamos, sen mar, para escribir e dicir poesía, afirmándonos nunha identidade colectiva que enraizaba na lingua e na nación.

Poderíamos percorrer aínda a **Praza do Toural**, lembrar como a describe Carlos G. Reigosa na súa novela *Crime en Compostela*, ou como Carvalho Calero lembra a Castelao a falarlle de Pimpinela mentres paseaban por ela. E rematar saíndo pola Bautizados, onde tamén viviu Rosalía, na **Alameda en que nos agardan as estatuas de** Coralia e Maruxa Fandiño ou a da propia Rosalía de

Castro, como fixemos nun paseo anterior publicado na web da AELG e titulado “De Ánxel Casal a Rosalía de Castro”.

O Toural foi unha das prazas en que paramos para ler a Rosalía no ano en que se rememorou a translación dos seus restos. Correspondeume ler, no palco instalado para a ocasión “Castellanos de Castilla”. Tres anos despois, con motivo do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*, fun convidada a dialogar co poema “A gaita gallega”. Naceu entón este poema, recollido na antoloxía *De cantares hoxe* publicada pola Fundación Rosalía de Castro e a Radio galega:

**nunca española!**

*Probe Galicia, non debes  
Chamarte nunca española.  
Rosalía de Castro*

*nunca española!*

*dúas palabras  
afirmación radical  
que alporiza  
asimilados*

*(a gaita canta)*

*dúas palabras  
ou subversión que palpita*

*que se instala na consciencia  
de quen a ti se achega  
espida de preconceitos  
soñando no amor á terra*

*aquelas risas de mofo*

*aquelas risas de mofo*

*deformáronte*

*(a gaita canta!)*

*quixerante flor efémera*

*adorno que non precisa*

*de atención nin memoria*

*mais a forza dos teus versos*

*foi unha man poderosa*

*que ergueu as túas palabras*

*para deitalas na boca*

*de nós*

*todas*

*para darnos*

*os azos que aínda cómpren*

*contra estas risas de mofo*

*e contigo repetimos*

*que a gaita galega chora*

*que hoxe segue chorando*

*pois máis de cen portos xa*

*seguen vendo marchar fillas*

*presas dunha nova argola*

*para o mesmo amo infame*

*que fama de honrado tiña*

*vampiro nos tempos de hoxe*

*disposto a chuchar a terra*

*a sorber o que aínda queda*

*e trae o xugo do reino  
instrumento necesario  
para deixarnos  
secas*

*certo que a gaita aínda  
deita alboradas sen gloria  
mentres andamos as rúas  
da patria nosa  
e que os seus sons acompañan  
as nosas gorxas que estoupan*

*mais a gaita aínda non canta  
que chora: Galiza!  
non debes chamarte nunca  
española!*

Mais preferimos volver a Mazarelos, á facultade que nos convocou a Compostela, ao edificio que tamén foi lugar de ensaio naquel curso en que naceu o grupo de teatro de galego, auditorio para escoitar a escritores galegos ou portugueses que se achegaron a falar paro o alumnado, corredores en que se cruzar cos poetas do colectivo Ronseltz naqueles finais dos 80, aulas en que recibir avisos e convocatorias dun alto Paco Souto vestido cun peto de raias, que cruzaba así os fíos que nos levaban a Ólisbos.

E Compostela foi así destino, encontro, nacemento. Crisol de lingua e poesía.